



CONCELLO DE REDONDELA

EXPEDIENTE I583/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Reunido a día de hoxe 27 de marzo de 2020, o Comité de seguimento da evolución da situación do coronavirus do Concello de Redondela e tendo en conta as instrucións emitidas polas autoridades competentes.

Atendendo ao disposto no artigo 7 do Real Decreto 463/2020 que establece a limitación na circulación das persoas, permitindo a liberdade de movementos unicamente para os supostos que se establecen.

Na pretensión de este Concello de colaborar para evitar a propagación do COVID-19, se adoitan novas medidas que se ben, poden supoñer unha limitación dos movementos da nosa veciñanza, serán eficaces para evitar contaxios e atenden as instrucións das autoridades sanitarias.

En virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á adopción da seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO. Acordar o peche ao público do cemiterio municipal de Mañó, dende o día de hoxe 27.03.2020 e mentres se encontre en vigor o estado de alarma ou a súas prórrogas.

SEGUNDO.- Comunicar á veciñanza as normas fixadas pola Consellería de Sanidade no día 24 de marzo de 2020 respecto aos velatorios e cerimoniais fúnebres que se deban celebrar, a través dun bando municipal.

TERCEIRO.- Advertir que o réxime das accións de colaboración que se realizan no ámbito do Concello de Redondela a través de voluntariado, se levan a cabo por entidades adicadas especificamente á acción voluntaria e legalmente constituídas para tales fins de acordo coa normativa de aplicación.

Por elo as persoas voluntarias deberán estar integradas como tales nalgunha destas entidades para poder realizar estas accións de voluntariado.

Se recomenda a todas aquelas persoas que queiran axudar como voluntarias/os, que se poñan en contacto con calquera das entidades que desenrolan a súa actividade no ámbito do Concello.

CUARTO.- Dar publicidade á presente resolución a fin de poñela en coñecemento dos servizos implicados e da veciñanza.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M.^a Ángeles García Villaverde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-0795 Data: 28/03/2020



Cod. Validación: 4ZY53WFJZCYRAZKXHZ36S6W7D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1